

LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN



BIBLIOTECA SEMINARIO DIOCESANO

N.º 63 (Vol. XXXII)

LUGO, 2021

P ORTADA

Cartela situada en la parte superior del coro de la Catedral de Lugo. La pieza está hecha de madera de nogal y muestra un Cáliz con una Sagrada Forma expuesta, escudo del Cabildo de la basílica lucense, siendo realizada por el escultor gallego Francisco de Moure durante el primer tercio del siglo XVII.

Fotografía cedida por José Antonio Ferreiro Varela (2020).

Edita: Biblioteca del Seminario Diocesano de Lugo

Depósito Legal: LU 855 - 1990

ISSN 1130-6831

Imprime: La Voz de la Verdad, Lugo

LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN



BIBLIOTECA SEMINARIO DIOCESANO

N.º 63 (Vol. XXXII)

LUGO, 2021

LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN

PRESIDENCIA DE HONOR

Excmo. Sr. D. Alfonso Carrasco Rouco
OBISPO DE LUGO

CONSEJO DE REDACCIÓN

Gonzalo Fraga Vázquez
DIRECTOR
David Varela Vázquez
M^a Dolores Carmona Álvarez
Marcos Gerardo Calles Lombao
Óscar González Murado
M^a Luisa Doval García
SECRETARIA

ASESORES

Luciano Armas Vázquez
Mario Vázquez Carballo
Antonio Negro Expósito
Ramón Piñeiro Campos
José Antonio Ferreiro Varela
Daniel García García
Manuel Castro Gay
David Gil Mato
Argimiro López Rivas

ADMINISTRACIÓN

Biblioteca del Seminario Diocesano
C/ Ángel López Pérez, s/n
Teléfono (+34) 982 220 100 (ext. 135)
LUGO - España
Correo-e: biblioteca@seminariodelugo.org

Manuel Vázquez Seijas (Lugo, 1884-1982). Alma máter do Museo Provincial de Lugo

Por *AURELIA BALSEIRO GARCÍA*

Resumo. Continuando o ronsel dos artigos anteriores, coa finalidade de recuperar ou actualizar figuras que tiveron relevancia no desenvolvimento do Museo Provincial de Lugo, neste caso faremos uns apuntamentos sobre Manuel Vázquez Seijas para lembrar a súa plena dedicación a unha institución que axudou a crear e consolidar durante cincuenta anos de traxectoria¹.

«Un museo é un bo lugar para pensar»
Jorge Wagensberg

Se os museos son institucións da memoria, o seu imaxinario específico tamén adoita ser estudiado e compartido: coñecer para comprender, comprender para transmitir. A historiografía museística componse de moitas e distintas liñas de investigación entre as que se atopan as persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. En Lugo, no pasado século, o traballo voluntario e colectivo realizado derivaba dunha concienciación

1 Agradecemento especial ao Arquivo/Biblioteca do MPL: Mercedes Salvador Castañer e M^a Begoña Fernández García, polo apoio nas consultas realizadas, e a Margarita Vázquez Seijas, familiar de Vázquez Seijas, así como ao Arquivo municipal de Lugo (AMLu) e a Montserrat González Álvarez pola revisión lingüística.



Fig. 1. Retrato. Arquivo particular Vázquez Seijas

patrimonial inherente a uns principios culturais solidarios en prol do fomento e conservación dunha identidade comunitaria. Esa xente conseguiu facer realidade a creación do primeiro museo público provincial lucense, en 1932, e nas décadas seguintes, co imprescindible apoio social, a súa ampliación e consolidación.

Apuntamentos biográficos

Vázquez Seijas naceu en Lugo, o 15 de xaneiro de 1884, na rúa do Miño nº 25². Foi o máis pequeno dos tres fillos de Juan Vázquez y Vázquez, natural de Ourol e de Josefa Seijas Vázquez, natural de San Miguel de Orbazai (Lugo).

Cursou os estudos primarios na escola nacional e o bacharelato en Lugo e despois Peritaxe Mercantil na Escola de Comercio da Coruña (1898-1902), da que sería profesor entre 1905 e 1908. Nesa época formou parte da tertulia coruñesa da librería de Carré Aldao, denominada Cova Céltica³. Despois seguiu coa docencia en varios centros lucenses exercendo como profesor Mercantil, dando clases de Francés e Contabilidade na academia «El Progreso», situada na rúa Doutor Castro, ao tempo que era administrador e *tenedor* de libros da Sociedade Cooperativa Militar e Civil de Lugo⁴.

-
- 2 Este foi o primeiro enderezo familiar, máis tarde tras a adquisición dunha casa na denominada rolda dos Caídos (rolda da Muralla) nº 5, trasládanse alí ata o falecemento do pai, momento no que venden o negocio e se mudan a un piso de alugueiro na antiga rúa da Liberdade nº 7, 2º (rúa da Raíña).
 - 3 Así chamaban a librería de Eugenio Carré Aldao, cuxo fillo era amigo de Vázquez Seijas e onde se reunían intelectuais, persoeiros do mundo cultural e estudantes como os irmáns Xosé e Uxío Carré Alvarellos, Arturo Senra Eiroa, Fernando Martínez Morás, Ángel del Castillo, Manuel Monteagudo, José Mª Abalo Abad e Gonzalo Villanueva.
 - 4 Praza sacada a concurso para a que foi nomeado o 18 de xuño de 1906.



Fig. 2. Retrato familia Vázquez Seijas. Arquivo particular Vázquez Seijas




Fig. 3. Retrato coa súa nai e irmás. Arquivo particular Vázquez Seijas

Foi redactor de *La Idea Moderna*. Participou na política co Partido Liberal sendo concelleiro en Lugo (1912) e tenente de alcalde con Carlos Llama Navia⁵ e, despois, co seu sucesor, Ángel López Pérez⁶, (1913-1919). Oposita para interventor da Administración local e pasa a exercer na Deputación de Lugo, desde 1919, como interventor de fondos, renunciando, desde ese intre, á corporación municipal⁷. Despois de trinta e cinco anos, xubíllase deste cargo en xaneiro de 1954⁸.

Foi secretario da Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo e director do seu Boletín. Membro do Consello Provincial de Educación e do Centro de Estudios Xacobeos, secretario do Patronato Provincial Pro-fortaleza de San Paio de Narla⁹, presidente da sección

⁵ Desempeñou a Alcaldía entre 1912 e 1913.

⁶ Alcalde polo Partido Conservador entre 1913-1923.

⁷ Toma de posesión de contador de fondos da Deputación e renuncia ao cargo de concelleiro o 1/4/1919.

⁸ Sesión da corporación provincial do 28/12/1953 con efectos do 15/1/1954.

⁹ Co seu tesón conseguiuse que a Deputación adquirira a Torre de Xiá en Friol.

provincial dos «Amigos de los Castillos», académico de número da Real Academia Galega¹⁰, correspondente das reais academias da Historia¹¹ e de San Fernando¹² e da de Belas Artes da Coruña¹³. Membro do Instituto arqueolóxico alemán¹⁴, comisario provincial de Escavacións Arqueolóxicas¹⁵, tesoureiro do Padroado de Arquivos, Bibliotecas e Museos, vogal da Xunta provincial de Espectáculos Públicos e da de Defensa Pasiva, socio de Mérito do «Círculo de las Artes» de Lugo¹⁶ pola súa vinculación con esta sociedade, onde formou parte dun círculo de amizades denominado «El Senado»¹⁷ e vogal do Centro de Estudos Xacobeos de Santiago de Compostela.

Con López-Martí Núñez, e outros persoeiros lucenses, contribuíu á fundación¹⁸ do Museo Provincial de Lugo¹⁹, (Balseiro, 2015^a), sendo o único secretario da súa Xunta Reitora e, tras a morte do primeiro director, López-Martí, substituíño no cargo en 1948²⁰. Como director do MPL, cargo en principio honorífico e gratuito²¹, desenvolve diversos e abundantes proxectos, rescata moitas pezas arqueolóxicas incentivando o enriquecemento dos fondos do MPL, coordina a ampliación de salas, organiza o traslado do museo do pazo ao antigo convento de san Francisco²² renovando a exposición das coleccións e facendo o seguimento das obras e da futura ampliación de principios dos anos setenta. Promove

-
- 10 Nomeado académico adxunto moi novo: con 21 anos, en sesión da RAG de setembro de 1905, segundo documento asinado por Manuel Murguía (Vid. Fig.4). Despois, en sesión do 22/5/1928, correspondente e académico numerario en sesión do 8/1/1941.
 - 11 Correspondente da Real Academia da Historia nomeado en xunta celebrada o 31/5/1940.
 - 12 Diploma de académico de BB.AA. de San Fernando enviado segundo carta de 28/6/1962. Arquivo particular de Vázquez Seijas.
 - 13 Correspondente da Academia de BB.AA. da Coruña o 28/4/1944.
 - 14 Correspondente do Instituto arqueolóxico alemán en sesión celebrada en xuño de 1954.
 - 15 Con Luis López-Martí contribuíu, desde Lugo, á divulgación do conxunto monumental de Santa Eulalia de Bóveda.
 - 16 En 1965.
 - 17 Algúns dos integrantes da tertulia tamén compartían desvelos na Xunta Reitora do Museo Provincial como Trapero Pardo, Narciso Peinado ou Pardo Valiña,... e outros como Rof Codina, Pérez de Guerra, Pedreira, Ramón Domínguez, ben coñecidos nos círculos sociais lucenses.
 - 18 Nunha carta que lle dirixe Angel Castillo, en 1906, proponlle que promova a creación dun Museo arqueolóxico e dunha Academia de Belas Artes como noutras cidades galegas, idea que sería apoiada polas academias galegas e de Belas Artes. Arquivo particular de Vázquez Seijas.
 - 19 En adiante MPL.
 - 20 Sesión da Xunta Reitora do MPL do 3/5/1948.
 - 21 Acta da Comisión da Xunta da Deputación do 29/2/1932.
 - 22 A inauguración do museo e aperture pública na nova sede tivo lugar en setembro de 1957.




Fig. 4. Nomeamento da Academia Galega. Arquivo particular Vázquez Seijas

bibliotecas e outras entidades culturais que dan conta das relacións do remitente, algunas, incluso, inclúen connotacións persoais de amizade cos destinatarios, con persoeiros de gran talla intelectual e científica como: Bouza Brey, Carballo Calero, Antonio Fernández, familia de Asorey ou de Bujados, López Cuevillas, Blanco Freijeiro, José M^a Blázquez, Mario Cardozo, Carré Alvarellos, Ángel del Castillo, López Castillo... así como con mecenas e benfeiteiros cos que intermedia a prol do museo; especialmente relevante a relación, neste eido, con Antonio Fernández López e Álvaro Gil Varela²⁵, a quen recorría para intermediar con contactos externos ou para solicitar financiamento

a adquisición da fortaleza de San Paio de Narla²³, escribe e promociona o patrimonio cultural da nosa contorna, especialmente o arqueolóxico, colabora en múltiples iniciativas culturais, intermedia nas doazóns e mecenados do museo activando ou apoiando ideas de mellora e ampliación das coleccións, contacta con persoas e organismos públicos para contribuír ao enriquecemento e divulgación do MPL, ademais de responsabilizarse do seu Libro de Rexistro, realizar fichas técnicas dos fondos e supervisar a organización interna cotiá.

No epistolario de Vázquez Seijas, conservado no arquivo do MPL²⁴, aparecen cartas institucionais a museos,

²³ Adquirida pola Deputación de Lugo, en 1939, a principios dos anos 80 reconvertérase en museo con fondos etnográficos do MPL.

²⁴ En adiante AMPL.

²⁵ Benfeiteiros do museo e membros da súa Xunta Reitora.



Fig. 5. Acto de entrega da medalla no concello de Lugo en 1971. Arquivo Peinó

para publicacións do museo, adquisicións de bens culturais ou doazóns. En definitiva, dada a súa vinculación co MPL, desde 1932 ata que os seus problemas de saúde e idade llo permitiron²⁶, o epistolario conservado é moi ilustrativo ademais de ser unha fonte documental relevante para a historia desta institución.

Con todo, a súa vida longa e frutífera estivo dedicada de cheo ao MPL²⁷ e a súa morte coincidiu co remate da celebración do 50 aniversario da súa creación que é o mesmo prazo de tempo que el estivo relacionado coa institución. Tantos anos de vinculación teñen un ronsel de resultados visibles, pero tamén iniciativas que non saíron adiante por mor de diversos inconvenientes. Nas actas da Xunta Reitora non é necesario ler entre liñas para observar os constantes problemas económicos e os requerimentos, a este respecto, levados á Deputación. Ao final da súa traxectoria profesional²⁸

26 Morreu o 4 de decembro de 1982. Dato confirmado, posto que noutras publicacións aparece erróneo.

27 En 1973, cando xa tiña 89 anos, a Deputación designou como subdirector do MPL o seu compañoiro da Xunta Reitora José Trapero Pardo, quen, posteriormente, sería director tras o respectivo nomeamento oficializado en 1989.

28 Libre de dependencia laboral coa Deputación onde, recordemos, era funcionario.

xa expresa claramente o seu parecer e inconformidade coa dependencia funcional²⁹ do museo polas «trabas administrativas», pero aínda así, e a pesar dalgúns desacordos, nunca se desvinculou completamente da institución que axudou a crear e consolidar cunha fidelidade encomiable.

Entre moitos recoñecementos recibidos, ten as medallas de prata ao Mérito no traballo en 1954³⁰, a da provincia de Lugo³¹ con 97 anos, e a da Asociación de «Amigos de los Castillos», en España, en 1961³². Foi «Lucense del año», en 1968. A Deputación distinguiuno como «Director Honorario Perpetuo» do Museo Provincial de Lugo³³. O Concello de Lugo tamén lle rendeu unha homenaxe, en 1971, xunto coa entrega da súa Medalla de Prata³⁴. Como se observa nas datas, o recoñecemento da Deputación aínda, a ser o máis merecido, foi o máis tardío.

Dentro da colección de bustos de bronce de persoeiros ilustres relacionados co MPL, segue a expoñerse na mostra estable do Museo un de Vázquez




Fig. 6. Busto de bronce do MPL

29 No arquivo do MPL conservamos unha carta súa, do 3/10/1979, dirixida á Xunta Reitora onde pon o cargo de director á súa disposición motivada polas trabas administrativas da Deputación co MPL. É de supoñer que, con 95 anos, o cansazo xa provocaba mingua no seu compromiso institucional. Daquela, a presidencia da Deputación ocupouna, ata 1979, Eduardo García Rodríguez.


30 Documento datado o 23/4/1954. Presidía a Deputación Rafael Sarandeses.

31 A corporación provincial de Lugo, presidida por Luís Cordeiro (UCD), acordou en data 28/9/1981 nomealo como «Director Honorario Perpetuo» do MPL e a concesión da Medalla de Prata, reconocimentos que lle otorgan a moi avanzada idade (97 anos). As medallas da Deputación son distincións que se começaron a entregar en 1957.

32 Carta do 6/4/1961. Arquivo particular de Vázquez Seijas.

33 Algunhas homenaxes recibiunas xa a idade avanzada, pero en plenas facultades. Por exemplo, o cargo de «Director Honorario Perpetuo» é de 1981.

34 As medallas do Concello de Lugo de ouro, prata e cobre, foron creadas en 1939 e o seu Regulamento de concesión aprobado en 1958. Distinguen a persoeiros destacados de Lugo. A concesión a Vázquez Seijas foi aprobada o 12/06/1970 e a entrega realizouse no Salón de Actos da Casa Consistorial o 23/9/1971. AMLu Expediente de concesión da Medalla de Prata da cidade a don Manuel Vázquez Seijas, Signatura 4616.27.



Seijas como recoñecemento ao seu labor. Este magnífico retrato, realizado en 1960, por Rodríguez Osorio³⁵ baseándose en pousados do natural do que hai rexistro na hemeroteca, está feito en bronce recuberto cunha pátina verdosa e vai asinado na parte posterior do colo: «R. Ossorio, 17 de oct. de 1960». Foi adquirido para o Museo pola Deputación de Lugo³⁶.

Bibliografía

A súa producción bibliográfica, en consonancia coa súa longa traxectoria, está repleta de publicacións relacionadas co patrimonio e a historia antiga da nosa terra, sobre todo no boletín da CPMHAL e no da Real Academia Galega, institucións das que formaba parte activa, ademais de moitos artigos xornalísticos en *El Progreso*, *La Idea Moderna*³⁷, *El Regional*³⁸, *Lar*, *La Voz de Galicia* e outros xornais, pero a súa obra máis destacada é a colección de 6 tomos de *Fortalezas de Lugo y su provincia*³⁹

-
- 35 Chantada, Lugo, 1960-Madrid, 1995. Estudou na Escola de Artes e Oficios de Santiago de Compostela e, logo, na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando en Madrid; foi pensionado pola Deputación de Lugo que, en 1952, renovará cunha subvención para ampliar estudos por Europa. Exerceu de mestre rematando a docencia coa cátedra de Debuxo no Instituto Cardenal Cisneros de Madrid. Recibiu varios premios pola súa producción escultórica. Os bustos que realizou cualificáno como un gran retratista. Gostaba das sesións de modelado directas cos persoeiros retratados ao natural. O busto de Vázquez Seijas, conservado no MPL, mide 38×27×27 cm e preséntase sobre unha base marmórea negra. Ademais deste busto, ten máis obra no MPL.
- 36 Barallouse a idea de situalo nun lugar público do centro da cidade, na remodelación da praza da Soedade. Tamén, a finais da década dos noventa, déuselle o seu nome a unha rúa de Lugo na zona de Acea de Olga.
- 37 Xornal editado en Lugo, entre 1889 e 1919, de tendencia monárquica.
- 38 Subtitulado *Diario de Lugo*. Desde 1884 ata 1931. Vinculado ao Partido Republicano Federal, foi o primeiro xornal rexionalista galego.
- 39 Neste descomunal traballo de recompilación contou coas aportacións de colegas e amigos cos que intercambiaba información para os seus traballos como: Narciso Peinado, Lence Santar, Pedro Pita Boo, Eduardo Seijas Vázquez, Vázquez Saco, Nicandro Ares... etc. Publicado por tomos entre 1955 e 1973.

publicados na serie da Xunta Reitora do museo entre 1955 e 1973⁴⁰. Esta faceta investigadora e estudosa fai que o Museo Provincial de Lugo, a instancias da Deputación, no 2003 denominara co seu nome o Premio de Investigación sobre Historia, Arte, Arqueoloxía, Antropoloxía e Museoloxía da provincia de Lugo que se convocou para fomentar a investigación universitaria, con dotación económica e edición do traballo premiado⁴¹.

Tamén é autor dun libro de poesía *Pasatempos*, asinado por Xan de Carlos⁴² como alcume, segundo apunta Blanco (1974:255)⁴³, escrito en galego e editado por La Voz de la Verdad, en 1972⁴⁴. Trátase dunha *rara avis* dentro da súa producción bibliográfica tendo en conta tanto o xénero como o idioma utilizado e o seu carácter intimista.



Fig. 7. Doazóns de Vázquez Seijas ao Museo Provincial: tabaqueira do s. XIX, chisqueiro do s. XIX e tesouriño de Buscás (Ordes, A Coruña)

40 Reeditados os seis volumes pola Deputación de Lugo en edición facsimilar, en 1997, continúa a ser unha obra imprescindible á que lle dedicou moito esforzo e tempo.

41 Vid. folleto coas bases na súa VIII edición: <http://www.museolugo.org/documentos.asp?mat=51&id=1209>

42 Confirmada a autoría tamén xa que a casa do seu pai, en Ourol, se chamaba a casa de Xan de Carlos.

43 Tamén confirmado persoalmente polos seus herdeiros.

44 Aparece mencionado, tamén, por Carme Fernández Pérez-San Julián en «Unha achega á historia da edición en Galiza: Lugo nos anos do franquismo», en *Madrygal*, 2015, 18, núm. especial, pp. 443-456.

Listado bibliográfico de Vázquez Seijas:

ANO	TÍTULO	EDICIÓN
1939	<i>Lugo bajo el Imperio Romano</i>	Lugo: imprenta da Deputación Provincial
1943	<i>Lugo en los tiempos prehistóricos</i>	Lugo: imprenta da Deputación Provincial
1947	<i>Guía del Museo de Lugo</i>	Lugo: imprenta da Deputación Provincial
1954	<i>Inscripciones romanas de Galicia. Provincia de Lugo</i>	Santiago de Compostela: Consello Superior de Investigaciónes científicas. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos
1955-	<i>Fortalezas de Lugo y su provincia. 6 tomos</i>	Lugo: Deputación Provincial
1964	<i>El lenguaje de las piedras</i>	Lugo: La Voz de La Verdad
1906	«Por Lugo y su historia»	<i>El Magisterio lucense</i> , 2-4
1929	«Las excavaciones de Santa Eulalia de Bóveda»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XIX (217) pp. 29-31
1929	«Monumentos arqueológicos. Numismática»	<i>Lugo y su provincia. Libro de oro</i> Vigo: Editorial P.P.K.O. pp. 14-115
1929	«Los tesoros de la torre y fortaleza de Anseán»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XIX (220) pp. 92-94
1930	«Hallazgo de monedas romanas»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XIX (223) pp. 168-172
1931	«Hallazgo de monedas romanas (continuación)»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XX (230) pp. 31-33
1931	«Curiosa moneda de Clunia»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XX (235-240) pp. 393-394
1932	«Monedas de cuero»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXI, (241) pp. 15-17
1933	«El Castro de Barán»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXI, (246) pp. 125-130
1934	«Curiosa escultura románica»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXI, (252) pp. 272-274
1934	«Una escultura proto-histórica»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXII, (256) pp. 95-97
1934	«Las ruinas de Santa Eulalia de Bóveda»	<i>Galicia en Madrid</i> (33), 11
1935	«Del Lugo romano»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXII, (260) pp. 201-207
1936	«Notas arqueológicas del Lugo romano»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXII, (261) pp. 225-232

ANO	TÍTULO	EDICIÓN
1936	«Notas arqueológicas: una curiosa placa-ídolo en piedra granítica»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXII, (263) pp. 281-283
939	«Lugo bajo el Imperio romano»	pp. 27-31, Xunta do Museo Provincial de Lugo, Lugo
1941	«Hallazgos romanos»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , I n.º 1, pp. 19-21
1941	«Denarios romanos»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , I, n.º 8, pp. 223-226
1941	«Campo de mámoas»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , I, n.º 5, pp. 127-132
1942	«Monumentos Megalíticos: a Casia da Arquela»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , I, n.º 2, pp. 44-45
1942	«Joyas arcaicas»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , I, n.º 3, pp. 69-71
1942	«Notas arqueológicas: interesante piedra de armas»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXIII, (268) pp. 105-107
1943	«Lugo en los tiempos prehistóricos»	p. 27, Xunta do Museo Provincial, Lugo
1944	«Museo Provincial de Lugo»	<i>Memorias de los Museos Arqueológicos Provinciales</i> , 5 pp. 194-199
1944	«Curioso molde de bronce para fundición de hachas de talón»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , I, n.º 11, pp. 298-301
1945	«En la ruta de los peregrinos. El Hospital de San Juan de Puertomarín»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , II, pp. 28-33
1945	«Insculturas rupestres. Aportación de la provincia de Lugo al Corpus Petroglyphorum Gallaeciae»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , II, nº 15, pp. 75-81
1945	«Artistas lucenses. Un organero de Meilán»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , II, n.º 16, pp. 132-135
1945	«De re numismática»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , II, n.º 18, pp. 186-189

ANO	TÍTULO	EDICIÓN
1945	«Nuevos hallazgos en Proendos»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , II, n.º 19, pp. 228-232
1945	«Un sagrario del siglo XVI»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , II, n.º 20, pp. 278-281.
1947	«Riqueza megalítica en tierras de Villalba»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , II, n.º 21-22, pp. 349-361
1947	«Museo provincial de Lugo»	<i>Memorias de los Museos Arqueológicos Provinciales</i> , pp. 160-162
1947	«Requerimiento hecho a los hidalgos de la jurisdicción de Meira para que partan de real servicio en defensa del Reino de Galicia»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , III, n.º 23-24, pp. 69-70
1948	«La cárcel vieja de Lugo»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , III, n.º 26, pp. 121-122
1948	«Enterramientos romanos»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , III, n.º 28, pp. 194-200
1948	«Graphium romano»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , III, n.º 26, pp. 122-123
1948/ 1949	«Museo Provincial de Lugo»	<i>Memorias de los Museos Arqueológicos Provinciales</i> , pp. 183-187
1949	«Nueva lápida romana (coautoría con Álvaro D'Ors)»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , III, n.º 30, pp. 205-207
1949	«Pendiente visigótico»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , III, n.º 31-32, pp. 326-327
1950	«Carta del Rey Don Fernando VI a las comunidades religiosas de Lugo, sobre fuentes construidas por el obispo Fray Francisco Izquierdo»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IV, n.º 34, pp. 142-143
1950	«Del Lugo romano (notas arqueológicas)»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IV, n.º 33, pp. 62-68

ANO	TÍTULO	EDICIÓN
1950	«Restos de un mosaico romano»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IV, n.º 34, pp. 137-138
1950	«El Castro de Vilamayor de San Simón de la Cuesta»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IV, n.º 35, pp. 216-224
1950	«Nuevo edificio para el Museo Provincial»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IV, n.º 35, pp. 236-240
1951	«Un ara más de la fórmula ExVisv»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IV, n.º 36, pp. 300-301
1952	«Factorías pesqueras en la playa de Area»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , V, n.º 37-38, pp. 110-114
1953	«Hachas de bronce de doble anillo»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , V, n.º 39, pp. 208-214
1953	«Hallazgo de denarios romanos en Bares»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , V, n.º 40, pp. 304-308
1953	«Notas sobre túmulos lucenses»	Separata de <i>Zephyrus</i> , n.º 4 pp. 219-225
1954	«Santa María la Real de El Cebrero. Faro luminoso en la ruta de las peregrinaciones jacobeanas»	<i>Lar: revista da «Asociación Gallega de Beneficiencia y Mutualidad»</i> , 248, 249, 250 pp. 67-68
1954/ 1955	«Terra Sigillata»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VI, n.º 41-44, pp. 42-46
1955	«El nuevo edificio para el Museo Provincial»	Programa de Festas do San Froilán do ano 1955
1956	«La fábrica de moneda de Jubia»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXVII (309-320) pp. 538-564
1956/ 1957	«Historia del encendido de un alto horno en la Real Fábrica de Sargadelos»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VI, n.º 45-48, pp. 167-170
1957	«Interesante broche de cinturón visigótico»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VI, n.º 45-48, pp. 176-177
1957	«Notas sobre el Museo Provincial de Lugo»	<i>Lar: revista da «Asociación Gallega de Beneficiencia y Mutualidad»</i> , 284, 285, 286
1957	«El Museo Provincial de Lugo»	<i>Vida Gallega</i> , 31 p. 45

ANO	TÍTULO	EDICIÓN
1958	«Las murallas romanas lucenses. Su conservación»	<i>Lar: revista da «Asociación Gallega de Beneficiencia y Mutualidad»</i> , 269, 297, 298.
1958	«La sección arqueológica del Museo Provincial Lucense»	<i>Vida Gallega</i> , p. 15
1958/ 1959	«Carta del P. Benito Feijoo a la muy noble y leal ciudad de Lugo encareciendo noticias para el 5.º tomo del Teatro Crítico»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VI, n.º 49-52, pp. 295-296
1958/ 1959	«Mansión céltica en tierras lucenses»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VI, n.º 49-52, pp. 274-284
1959	«La cueva céltica»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXIX (333-338) pp. 89-91
1959/ 1960	«Relojes de Sol»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense</i> , XX, pp. 295-297
1960/ 1961	«Nuevo hallazgo de hachas de bronce de talón»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VII, n.º 53-56, pp. 23-25
1962	«Sartegos»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VII, n.º 57-58, pp. 138-150
1963	«Dos nuevas y curiosas hachas de bronce de talón»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VII, n.º 59-60 pp. 189-194
1963	«Siringa o flauta de Pan astronómica»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VII, n.º 59-60, pp. 215-219
1964	«El obispo y señor de Lugo Don Alonso López Gallo nombra alguacil mayor del obispado a Don Gonzalo Méndez de Navia, año 1616»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VII
1964	«Piscina romana. Plaza de Santa María de Lugo»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VII
1964	«Las murallas romanas de Lugo: primitivos accesos»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VII, n.º 61-62, pp. 291-294
1964	«Posibles emisiones de Augusto en Lugo»	<i>Numisma</i> , 70, p. 37

ANO	TÍTULO	EDICIÓN
1964	«La iglesia de San Miguel de Eiré en Pantón (Lugo)»	<i>Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando</i> , 19, p. 56
1964	«El lenguaje de las piedras»	Junta del MPL n.º 14 (2.ª edición 1971) Ed. La Voz de la Verdad
1965/1966	«La cueva de la Valiña»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VIII, n.º 63-69, pp. 25-30
1965/1966	«El relojero lucense Francisco Javier Méndez y Meira de Saavedra»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VIII, n.º 63-69, pp. 67-70
1965/1966	«Las cuevas del Oso»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VIII, n.º 63-66, pp. 292-298
1967	«Las murallas romanas de Lugo»	<i>Boletín da Asociación Española de los Amigos de los Castillos</i> , 56
1967	«El castillo de Villalba»	<i>Boletín de la Asociación Española de los Amigos de los Castillos</i> , 59, pp. 465-469
1968	«La ciudad de Lugo»	<i>Academia. Boletín da Real Academia de Belas Artes de San Fernando</i> . Núm. 26, 1.º semestre 1968, pp. 91-93
1967/1968	«El foro romano lucense»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , VIII, n.º 67-70, pp. 178-182
1968	«La Fortaleza de San Payo de Narla»	<i>Boletín de la Asociación Española de los Amigos de los Castillos</i> , 62, pp. 295-304
1969	«El castillo de Pambre»	<i>Boletín de la Asociación Española de los Amigos de los Castillos</i> , 67, pp. 415-421
1969	«Don Francisco Vázquez Saco»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , XXX (351) pp. 271-274
1971	«Fortaleza de San Payo de Narla»	<i>Separata de Fortalezas de Lugo y su provincia</i> (Tomo I, p. 107) Editada por MPL
1971/1972	«Silografía antigua lucense»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IX, n.º 67-70, pp. 50-54
1973	«Relación de los méritos literarios y servicios patróticos del doctor don Vicente María Vázquez Quiroga Queipo de Llano»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IX
1973	«Viviendas populares lucenses»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IX, n.º 79-80, pp. 123-131

ANO	TÍTULO	EDICIÓN
1974	«El verraco de Justás»	<i>Boletín de la Real Academia Gallega</i> , CCCLVI pp. 75-76
1974/1975	«Pazo de Villafiz»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IX, n.º 81-84, pp. 199-204
1975	«El claustro de San Francisco de Lugo»	<i>Boletín Auriense</i> , IV-V. Museo Arqueológico Provincial de Ourense, n.º 5, pp. 339-341
1976	«El monasterio cisterciense de Ferreira de Pantón»	<i>Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando</i> , 41, p. 78
1976	«La ciudad de Mondoñedo»	<i>Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando</i> , 42, pp. 98-99
1976	«Casa y Torre de Outeiro de Santiago de Saa»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , IX, n.º 85-86, pp. 254-256
1977/1978	«Interesante privilegio real del siglo XVI»	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo</i> , X, n.º 87-90, pp. 83-85




Fig. 8. Portada orixinal de *Fortalezas de Lugo y su provincia*

Outras facetas

Ademais de historiador e escritor, dentro das diversas facianas de Vázquez Seijas relacionadas co seu labor documental e estudosos do patrimonio, tamén está a fotografía. Realizaba e conservaba imaxes realizadas por el nas súas múltiples excursións e visitas aos monumentos ou xacementos lucenses e, ás veces, cooperaba deixándoas para outras publicacións como é o caso da obra *Las bellezas de Galicia*⁴⁵ de Juan Gil Canellas, onde se reflicte a gratitudade deste autor aos colaboradores fotográficos entre os que se atopa Manuel Vázquez Seijas, de Lugo. No interior do libro aparecen 17 imaxes⁴⁶ nas que inclúen desde obras de arte do MPL⁴⁷, estampas da cidade de Lugo⁴⁸ e dos arredores⁴⁹. Así mesmo, estas fotografías do patrimonio cultural, resultado do traballo de campo efectuado, utilizábaas nos seus libros⁵⁰ ou remitíllas a organismos como a RAG e a estudosos para a súa difusión e/ou investigación. A través do seu epistolario hai constancia, por exemplo, das numerosas fotografías que realiza no conxunto monumental de Santa Eulalia de Bóveda, co que estivo moi involucrado desde que comeza con López-Martí a súa posta en valor a partir de 1926, colaborando activamente a todos os niveis (Montenegro, 2016) e, tamén, os bens culturais conservados no MPL eran obxecto da súa cámara fotográfica.

Certamente, o seu interese polo patrimonio arqueolóxico venlle de moi novo porque, a pesares de quedarse orfo de pai e ter que facerse cargo da familia, mantivo á súa afección e interese pola Numismática sempre.

A súa vida e obra amosan unha dedicación total ao patrimonio cultural, unhas interrelacións sociais tamén vinculadas co mesmo tema e unha implicación e constancia absolutas no recoñecemento da singula-

45 Obra publicada ca. 1930. 2º Álbum de cromos da colección *España Turística y Monumental* (1926). Esta unidade consta de 528 fotografías en branco e negro de diversos autores, está dedicada a Galicia, con imaxes das súas cidades, lugares e vistas cun total de 30 follas e 60 series de fotos. Portada ilustrada por Mel.

46 Agradézolle a Mercedes Vázquez Saavedra (Arquivo Moreno, Sarria) a consulta das imaxes do libro.

47 Dúas pinturas de Villamil e sendas esculturas de Comendador e Isunza.

48 A torre do reloxo da catedral, a praza do Campo, detalle do parque Rosalía cos cisnes, Porta de San Pedro, Porta da Estación.

49 Castelo de Castroverde, detalle da subida á igrexa de Sarria, vista de Monforte e Ribadeo, detalle de Samos, vistas de Xunqueira, Sarria, Vilalba, Samos, detalle da costa de Foz e do río Miño nas Saamasas (Lugo).

50 *Fortalezas de Lugo y su provincia*.

ridade da nosa terra. Eran de dominio público as súas constantes excursións polos xacementos arqueolóxicos da contorna, o seu interese polos obxectos que lle traían ao museo, polas antigüidades⁵¹, pola xenealoxía local, pola arqueoloxía, a divulgación do noso pasado histórico e prehistórico, a presencia en tertulias e actividades culturais na cidade, etc. O seu incansable labor tivo máis froitos que decepcións, pero nunca loitou só, contaba con apoio porque a súa finalidade era o ben común exemplificado no enriquecemento do Museo Provincial de Lugo e no coñecemento e difusión da nosa idiosincrasia.

Na historia dos primeiros dez lustros do MPL, a persoa que estivo relacionada de principio a fin coa institución, o primeiro e único secretario da súa Xunta Reitora e director durante case trinta anos foi Vázquez Seijas, de aí o título deste artigo cualificándoo como a súa *alma mater*.

A relación de cesións ou doazóns de Vázquez Seijas ao MPL, sen incluír os depósitos, segundo a consulta das Actas da Xunta do Museo, é moi numerosa. Moitos obxectos ingresados proceden da recollida de materiais de control arqueolóxico, en ocasións produto da remoción do solo da capital lucense ou dos arredores, con motivo de obras varias, ou dos «rescates»; pero o feito máis destacado é a constancia absoluta nas doazóns, desde 1933 ata 1974⁵², independentemente do seu valor económico. Así e todo, hai un compoñente emocional no feito de achegar, acotío, todo tipo de obxectos e publicacións porque amosa o continuo interese polo incremento de fondos da institución.

Rematamos coas doazóns, como metáfora ilustrativa das moitas achegas de Vázquez Seijas ao museo público máis antigo da provincia de Lugo, porque grazas a persoas como el o MPL foi e é unha obra colectiva ao servizo da sociedade e porque unha vida de compromiso sociocultural ten que ser lembrada.

51 Era coñecida a súa afección polos mercadillos de antigüidades locais.

52 Sinalamos as doazóns ata 1974 pola data da última sesión da Xunta Reitora. Tamén houbo un levantamento de depósito, no ano 1977, de 58 moedas da súa colección particular de numismática que ingresara no museo en 1969.

DATA DA ACTA	DOAZÓN
20/12/1933	Unha sopeira, cinco pratos, dúas cuncas, dúas oliveiras, unha salseira de louza de Sargadelos, un candil de catro chisqueiros, dúas pesas de barro romano e unha boca de ánfora de igual materia.
12/07/1934 xunto con Vila	Unha pedra ovalada de moer, oito pesas de barro, unha moeda romana, varios fragmentos de cerámica romana e outros de cor gris con motivos decorativos (produto de recollidas en terreos de Lugo).
22/05/1935	Vinte e cinco moedas de prata e cobre de varias épocas.
12/03/1936	Un chifro de madeira, unha medalla antiga relixiosa de bronce, unha virxe de metal, catorce moedas romanas de prata e cobre de varias épocas, unha pesa de barro romano e dúas medallas relixiosas de metal.
08/09/1936	Unha tabaqueira de marfil, un relicario e unha tesouira para a mecha das candeas de metal.
03/12/1936	Un aderezo de prata, unha salseira sen tapa, unha cunca, unha fonte e dous pratos de louza de Sargadelos, unha medalla relixiosa de prata.
12/05/1937	Seis moedas varias e cobre e cruponíquel.
05/07/1938	Fragmento de friso ou lápida visigótica recollida nas Saamasas.
08/10/1938	Tres ladrillos romanos de sartegos descubertos en Lugo, 3 moedas de prata, dúas de cobre e un rosario antigo.
16/01/1940	Unha cruz procesional de bronce, un caldeiro de cobre románico, catro asas de ferro de arca, quince moedas de varias clases en prata, bronce e cobre, dous muíños de man tipo romano e unha pedra de moer redonda (pezas recollidas de remocións de terras en Lugo).
22/04/1940	Un aldrabón de ferro e catro grandes bronces, un mediano e un denario de prata (atopados en obras de pavimentación na cidade).
09/10/1940	Un escudete de ferro dunha porta.
27/05/1941	Cinco grandes bronces romanos, un mediano e un denario de prata (atopados nas obras do parque) e dez moedas de cobre, dúas medallas conmemorativas e unha moeda romana.
27/12/1941	Unha petaca de palla e cinco moedas de bronce.
13/07/1942	Quince medallas conmemorativas, vinte e sete relixiosas, dez e sete moedas de prata e bronce e cobre, un sagrario en madeira, unha bala de pedra de catapulta, un fragmento de cerámica romana gris e dous pondus de barro.
30/3/1946	Oito medallas relixiosas de metal e dúas conmemorativas.

DATA DA ACTA	DOAZÓN
29/5/1947	Un par de pendentes zarcillos de prata e pedrería, unha medalla de prata do Congreso Eucarístico de 1896, outra conmemorativa do ano santo de Roma de 1933 e dez moedas de cobre antigas.
30/12/1948	Tres moedas romanas de bronce, dúas de Felipe V e unha medalla pequena de bronce.
19/05/1949	Un Cristo de bronce.
9/01/1950	Un billete da Real Lotería Moderna datado en 1832.
13/03/1953	Un dije de metal, dúas medallas relixiosas, tres medianos bronces romanos, un gran bronce romano, un denario romano de prata, dous marabedís de prata, un relicario pequeno de prata, unha medalla de bronce da Virxe, vinte moedas de cobre e prata de varias nacións e épocas, unha medalla.
30/07/1955	Libros e folletos para a biblioteca do museo.
29/11/1955	Un exemplar do seu libro <i>Inscripciones romanas de Galicia</i> (provincia de Lugo).
02/08/1956	Seis obras para a biblioteca do museo.
09/02/1957	Noventa exemplares de diversas obras, folletos e regulamentos con destino á biblioteca do museo.
23/09/1957	Varios datos sobre a fundación do convento de Valdeflores (Viveiro) e 51 obras (revistas e folletos) para a biblioteca.
09/05/1958	Corenta e seis publicacións (revistas e folletos varios) para a biblioteca.
26/12/1958	Unha mandolina en miniatura, un violeteiro de porcelana, un pequeno bronce romano, doce moedas en cobre, cuproníquel e prata das repúblicas arxentina, francesa e portuguesa e trinta e oito obras para a biblioteca.
27/04/1959	Tres libros, dúas revistas e 23 folletos para a biblioteca.
18/11/1959	Vinte moedas de cobre, prata e aluminio de varias nación e épocas, sesenta e catro libros e publicacións para a biblioteca.
16/04/1960	53 obras para a biblioteca e 23 moedas.
30/06/1960	Unha tarteira de cobre antiga, 47 folletos e varios para a biblioteca.
02/03/1961	Unha fosforeira de prata, un acendedor de prata para chisqueiro, unha medalla de prata antiga de concelleiro de Lugo, un botón de prata da mesma corporación, un pesa leite con estoxo, unha petaca de metal, varios tomos do Archivo Español de Arte, libros, revistas, folletos e programas varios, un denario de prata romano, dúas moedas de cobre de Felipe III e IV e catro moedas de cobre modernas.

DATA DA ACTA	DOAZÓN
14/01/1962	Unha? Romana de metal con estoxo e exemplares de libros para a biblioteca.
11/08/1962	Unha cruz pequena de metal, unha bala de catapulta, tres bronces romanos, quince moedas de cobre e prata de varias épocas e nacións e sesenta e unha obras varias para a biblioteca.
25/10/1962	Catro obras de diferentes autores para a biblioteca e unha colección de corenta e oito anos colocados en cadros.
23/08/1963	Folletos e boletíns da «Asociación de Amigos de los Castillos» para a biblioteca.
22/05/1964	Tres exemplares do boletín da «Asociación de Amigos de los Castillos».
19/11/1964	Unha guillotina para cortar puros e unha guía do museo de escultura de Valladolid para a biblioteca.
18/12/1965	Un pendente de aro dourado, outro de prata, unha cinta métrica antiga, unha salvadeira, un estoxo de metal e un pendentif.
02/06/1967	Un saleiro de madeira, un prato pequeno, dezaseis moedas de vellón do Reino de León (Buscás, de 1219) e un libro para a biblioteca.
28/05/1968	Mango para pluma de escribir dedicada.
28/11/1968	Retablo en madeira dun esmoleiro do mosteiro de Meira.
13/09/1969	Dezaseis obras e revistas varias con destino á biblioteca.
29/08/1973	Volumes da revista <i>Archivo Español</i>
27/08/1974	Sete moedas de prata e metal de varias nación e 56 volumes para a biblioteca.

Bibliografía

<https://habilitados-nacionales.com/noticias/manuel-vazquez-seijas-medalla-plata-la-provincia-lugo/> (consulta 12/03/2021).

ALCORTA, E.; BALSEIRO, A. e CARNERO, M^a O. (2017); «Creación y ampliaciones del Museo Provincial de Lugo en el s. XX. Su proyección social y mediática», no V Congreso Internacional de Historia da Arqueoloxía. IV Xornadas de Historiografía. SEHA. MAN: *Arqueología de los museos: 150 años de la creación del Museo Arqueológico Nacional*, Madrid. Museo Arqueológico Nacional 21-23 de marzo de 2017, pp. 1383-1388.

ARRIBAS, F.; CUBA, X. R.; REIGOSA, A. (2003); *Guía do Museo Provincial de Lugo*. Deputación de Lugo.

- BALSEIRO GARCÍA, A. (2012); «O Museo Provincial de Lugo. Orixe e relacóns coa Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo e a protección do patrimonio», *Lvcensia* nº 45, (Vol. XXII), Lugo, 2012, pp. 317-332.
- (2015a); *Museo de Arqueoloxía, Museo de Belas Artes ou Museo Provincial de Lugo. Orixe e formación das primeiras coleccións arqueolóxicas do MPL (1932-1957)*. III Congreso de Arqueoloxía de Vilalba. Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. 20-23 xullo 2015, *Férvedes*, Vilalba (Lugo), número 8. Ano 2015, pp. 159-168.
- (2015b); «Un museo agradecido. Homenaxe do Museo Provincial de Lugo ás persoas e entidades que o fixeron posible» en *Lvcensia*, nº 51 (vol. XXVI) pp. 133-156.
- (2017); «Creación de la colección arqueológica del Museo Provincial de Lugo» en *Boletín del Museo Arqueológico Nacional* 35/2017 ISSN: 2341-3409, pp. 1545-1557.
- (2018); «Intrahistoria edilicia y museográfica del Museo Provincial de Lugo en el siglo XX», *Actas del V Congreso Internacional de Historia de la Arqueología / IV Jornadas de Historiografía SEHA - MAN. Arqueología de los museos: 150 años de la creación del Museo Arqueológico Nacional. 21-23 de marzo de 2017*. Edición de Andrés Carretero Pérez, Concha Papí Rodes (MAN) e Gonzalo Ruiz Zapatero (SEHA), Madrid: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, pp. 85-100.
- (2020a); «Coleccionismo privado e coleccións incorporadas aos fondos do Museo Provincial de Lugo: orixe e contexto», Revista *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación. Biblioteca Seminario Diocesano*, nº 60 (vol. XXX), Lugo pp. 85-105.
- BLANCO CASTRO, M. (1974); «Vázquez Seijas, Manuel», *Gran Enciclopedia Galega*, Cañada, S. (Ed.), t. 29 p. 255.
- CAPELÁN REY, A. (1999); «Contribucións a unha historia da Universidade Popular de Coruña» en *Sarmiento* núm. 3, pp. 25-64.
- MONTENEGRO RÚA, E. J. (2016); «Algunos de los significativos quehaceres de Manuel Vázquez Seijas durante las excavaciones de Santa Eulalia de Bóveda: a propósito de dos excursiones al monumento» *CROA, Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº 26, pp. 82-93.

